

A era das costureiras



Xavier Castro

A vestimenta é unha forma de cultura, quizais un dos primeiros trazos que personalizan e definen un conxunto humano. As roupas constitúen as máis ostensibles trazas do paisanaxe que completan a fisonomía da paisaxe. Por iso é esta unha das facianas da identidade que máis axiña chaman a atención dun foráneo. Consciente da súa importancia, Valentín Lamas Carvajal referíase á indumentaria peculiar do Xan paisano, o nome característico do labrego (que no medievo era Paio), como un dos seus riscos que mellor caracterizaban a súa idiosincrasia: a monteira que levaba na chola, a corozza de palla que o libraba da chuvia, as cirigolas de estopa que o cubrían do medio corpo para abaixo... e a faldriqueira, na que bruaba o aire por encontrarse máis baleira do que lle gustaría¹.

Virán ben dúas observacións previas para situar a cuestión da indumentaria. A vestimenta é unha forma de cultura. Non ten dúbida que a roupa, e o xeito de relación das persoas coa indumentaria que empregaban, era antano ben distinta que a que existe nos nosos días: cambiaron os valores sociais con respecto a un *soma* que segue habendo que vestir, pero que hoxe xa non é preciso tapar pudibundamente ata o extremo. Cambiaron os parámetros, desapareceron algunhas fibras e xurdiron as sintéticas, se transformou a feitura da confección, a calidade e tamén o tempo estimado de duración da roupa.

Polo demais, convén ter claro que a vestimenta que adoitan exhibir os nosos museos etnográficos non acostuma ser a que empregaba a xente corrente

1. Fr. Marcos da Portela (Valentín Lamas Carvajal): *Catecismo do Labrego*, Castrelos, (1ª ed. Ourense 1889), 14ª ed., Vigo, 1978, p. 2.

*“Sala do Traxe”
no Museo do Pobo.
El Traje gallego. Ed. F
Barrié de la Maza, 1985.*



A vestimenta que adoitan exhibir os nosos museos etnográficos non acostuma ser a que empregaba a xente corrente coma roupa de faena ou de diario. Son vestidos de domingo, traxes de gala e propios de xentes ricas.

coma roupa de faena ou de diario. Son vestidos de domingo, traxes de gala e propios de xentes ricas. ¿É isto representativo? Éo, pero do segmento máis notable, dentro do estamento popular. Este criterio probablemente se inspira na pretensión benintencionada de ofrecer a mellor imaxe posible da sociedade galega tradicional, aínda correndo o risco de asumir unha posición de elitismo populista. Trátase dunha estratexia de optimización identitaria. Quizais a maior conciencia do país e o seu meirande nivel de autoestima fagan hoxe aconsellable a adopción dunha posición máis modesta, e permitan mostrar a identidade plural de Galicia, coas súas luces e tamén coas súas penumbras. A xente corrente, nas aldeas, tiña un roupeiro moi escaso. Cando chegaba

o momento de poñerse de loito –o que sucedía moitas veces e por non pouco tempo– non podía mercar outra roupa de cor negra. Non tiñan outra opción que tinguir de negro nas súas casas a roupa de sempre. A única que tiñan².

Tampouco variaba apenas a indumentaria en función do cambio das estacións. Sinxelamente, no inverno abrigábanse máis e no verán retiraban algunhas prendas. Se o pudor llo consentía, nomeadamente no caso das mulleres. Non poucas veces a roupa interior era a mesma que se empregaba para durmir, aínda que estivera humedecida e naturalmente suada, o que comportaba un risco claro de contraer doenzas respiratorias, reumáticas, etc. Poucos dispuñan dunha camisa de durmir, camión,

2. Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay, veciña de Meiro (Bueu).



"Aldeáns de Monforte e Mondoñedo a fins do século XVIII". Historia de Galicia, Manuel Murguía.

e logo pixama, na hora de deitarse para recuperar as forzas... ou malgastalas pelexando en noites toledanas cunha lexi3n de chinches e pulgas³.

A xente aldeá vestía polo regular de escuro. As cores da roupa de diario destas persoas, e en xeral dos sectores populares, eran de tonos que se decantaban cara o negro, ou nidiamente enloitados, pardos, *beiges* das panas, escuros ou máis ben apagados. Ou sinxelamente descoloridos. Contribuía a dar esta impresi3n apagada e sombría o feito de estaren os tecidos gastados e envellecidos. E outro factor no que non se ten reparado: as roupas estaba impregnadas de fume, como consecuencia das longas horas de achegamento ó lume aceso das lareiras. Tinguir de vivo cromatismo os tecido representaba un custe enga-

dido. A indumentaria aldeá era, pois, pardal, que xa en tempos de Cervantes equivalía a pueblerina, posto que era así como adoitaban vestir ent3n os rústicos⁴. Pero semella que isto, en aparencia, non importaba excesivamente, pois como facía ver unha real moza de Ocaña, á que dera vida Lope de Vega: "Más quiero yo a Peribáñez, con su capa la pardilla, que no a v3s, comendador, con la vuesa guarnecida". Nada ten de extraño que impresionase tanto un gaiteiro cando aparecía fardado cun chaleco branco e unha faixa da cor da paisaxe. Porén, algunhas notas de *vistosidade* e cor albiscábanse por aquí e acolá, na indumentaria das persoas de acomodo, nomeadamente en días de feira ou festa, concretadas no pano estampado dalgunha moza ou na almilla vermella dalgún petrucio ou tratante.

A xente corrente, cando chegaba o momento de poñerse de loito, non podía mercar outra roupa de cor negra. Non tiñan outra opci3n que tinguir de negro nas súas casas a roupa de sempre. A única que tiñan.

3. Tales parásitos asediaban ás persoas en casas particulares e mes3ns. Sonada foi a noite toledana de María Teresa León e Alberti na *Posada de la Sangre* (Toledo): "Corrían por y en todas partes aguerridas generaciones de chinches adiestradas sobre los cuerpos de los arrieros". Ela dícialle a Rafael: "Me están comiendo las chinches". Pero o poeta durmía alleo a todo. María Teresa León: *Memoria de la melancolía*, Bruguera, Barcelona 1982, p. 199.

4. Comentario de Carlos Romero Muñoz. Miguel de Cervantes: *Los trabajos de Pérsiles y Segismunda*, Cátedra, Madrid, 5ª ed., 2004 (1ª ed. 1997) Prólogo, nota 36, p. 119.



As imaxes do traxe en Galicia. Ed. *Ir Indo*, 1992.

A xente aldeá vestía polo regular de escuro. As cores da roupa de diario dos sectores populares, eran de tonos que se decantaban cara o negro, ou nidiamente enloitados, pardos, beiges das panas, escuros ou máis ben apagados.

Antano cobrou carta de natureza unha práctica cultural que facía fincapé no aforro con carácter xeralizado e universal. O uso dos poucos bens existentes debía ser intensivo e perdurable. E, dende logo, a roupa debía durar. Non existía unha moda cambiante que acurudara cos seus imperativos o seu ciclo de vida. As nais pegábanlle ós nenos cada vez que volvían para a casa co xerseiro roto, cun sete na camisa ou no pantalón ou ben co calzado estragado por andar a xogar dándolle patadas ás pedras. Para que non se deformaran os pantalóns á altura dos xeonllos, moitos varóns daban rutinariamente un tirón a ambas perneiras no momento de sentarse. Así trataban de que non se formasen as *rodilleras*, como recordaba Juan José Millás. Era moi común un colo de camisa masculina que era de *tirilla* e fixo.

Pero gastábanse tamén uns colos moi amidonados, autónomos, que se acoplaban ás camisas e se lavaban aparte, con obxecto de que non se desgastara moi axiña a prenda da que eran complemento⁵. Outro tanto facíase cos puños. Os oficinistas empregaban uns *manguitos*. Os mandilóns estaba moi xeralizados nas casas, nas escolas e nos obradoiros -entre as xentes dos oficios, á par das *blusas* primeiro, e dos *monos* en época máis serodia-, para preservar e non manchar a roupa. Con este mesmo propósito, as familias benestantes sentábanse á mesa parapetados tras amplas servilletas, anoadas na caluga ou metidas para abaixo do colo da camisa.

Adoitábase darlle a volta ás chaquetas e os abrigos, para reaproveitalos e conseguir que durasen máis. Mesmo,

5. Entrevista realizada por Matilde Rodríguez Vázquez a Matilde Vázquez Álvarez, nada en Gullade (concello de Monforte) no ano 1946.

en determinados casos, estudantes - fillos de campesiños de relativo aco- modo, levaban as roupas avellentadas, un pouco raídas e dadas a volta, como indica Pardo Bazán no relato *Pascual López. Autobiografía de un estudante de medicina*⁶.

Estaba moi espallada a cultura do remendo. A roupa remenda adoitaba cubrir os corpos dos labradores. E con pezas de reforzo, as veces, nomeada- mente nos cóbados, cueiras, xeonllos e nos costados (dobrando pola zona de abaixo das mangas), para evitar os inevitables desgastes das rozaduras. Ata na casa dunha familia campesiña rica, que habitaba nunha aldea aleda- ña da Coruña, a “siñá Marica” tiña un “cesto dos remendos”, segundo apunta Lesta Meis, na novela de testemuña *Estebo*⁷. O bo pasar desta familia per- mitírialle con seguridade renovar os seu roupeiro, prescindindo do empre- go dos remendos, pero optaban pola fórmula máis xeralizada por asumir a cultura do aproveitamento consun- tivo dos tecidos. Sentíase esta familia, deste xeito, formando parte da confrei- ría do anticonsumismo espontáneo e ben harmonizada cos seus veciños; e, xa que logo, identificada coa paisane- ría observante desta pauta antidespil- farradora. De paso, abstíñase de evi- denciar pulos de arribismo, de patente ascensionismo social que os podería inducir ó emprego da roupa, se non impecable, polo menos correcta e pre- tendidamente decorosa, dos señoritos. Non era, en efecto, o remendo mal pasaporte para obter a aquiescencia dos veciños dunha aldea: “Roupiña de decotio, / escraviña e remendada, / quérote máis, miña roupa, / que a millor prenda de gala”⁸.



As imaxes do traxe en Galicia. Ed. *Ir Indo*, 1992.

En resumo, a roupa da maioría dos pai- sanos estaba moi gastada, remendada, arrugada, impregnada de suor e moitas veces apincurada de manchas de lama, lixo e outras ofensas. A impresión que producía non era moi limpa e *decorosa*. Non había que facerlle: non había posi- bles para máis. A indumentaria de dia- rio dos labregos acomodados adoitaba

**Nada ten de
extraño que
impresionase tanto
un gaiteiro cando
aparecía fardado
cun chaleco branco
e unha faixa da cor
da paisaxe.**

6. Emilia Pardo Bazán: *Pascual López. Autobiografía de un estudante de medicina. Obras completas (Novelas y cuentos)*, T. II, Aguilar, 3ª ed., Zaragoza, 1964.

7. Xosé Lesta Meis: *Estebo*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1981 (Publicada por primeira vez en 1927), p. 44.

8. Cantiga Nº 186. *Cantigas sociais. Recollidas do pobo*, Ed. Castrelos, (Col. *O Moucho*), Vigo, 1969, p. 28.



“Taller de bicicletas de pau”. Foto Caamaño. c.a. 1940. Galicia: O Oficio de vivir. Ed. Nigra Trea, 1998.

O uso dos poucos bens existentes debía ser intensivo e perdurable. E, dende logo, a roupa debía durar. As nais pegábanlle ós nenos cada vez que volvían para a casa co xersei roto, cun sete na camisa ou no pantalón ou ben co calzado estragado por andar a xogar dándolle patadas ás pedras.

estar un pouco menos vella, mendada, gastada e suxa. E ademais dispuñan doutras prendas para os domingos. Con todo, distaban de acadar a categoría da roupa dos fidalgos, variada, ben confeccionada, nova, ben limpiña e mesmo perfumada coas mazás e marmelos que se tiñan nos armarios.

Non queda máis remedio que recoñecer que a xente non adoitaba levar moi limpa a roupa. Pero non era só por descoído. Lavar, representaba un tempo para a muller, que non sempre tiña. E non resultaba nada doado no inverno, cando chovía, pois había que ir o río ou o lavadoiro exterior, non sempre ben cuberto. Pasaban friaxe e, por veces, non sentían as mans cheas de frieiras. A roupa había que aclarala e máis tarde poñela no tendal, onde non secaba nada ben por mor da humidade. E inda por

riba, co trasfego dos lavados, gastábase pronto a vestimenta e iso non podía ser: precisábase que se conservara moito tempo. Dá conta disto un proverbio que recorda que: “Camisa que moito se lava, logo se acaba”⁹. As lavandeiras habían de ter, xa que logo, moito tino coa roupa que lles daban para lavar: “Maruxa, se vas / ó río a lavar, / non boures a roupa, / que a podes rachar”.

A era das costureiras

Aínda que as máis coquetas dunha vila coñecían o que se cocía respecto a moda nas capitais, a meirande parte dos habitantes do pobo imitaba as prendas que estaban ó seu alcance, tiraba de patróns que tiñan na casa, do enxoval herdado, e valíanse tamén da modista local. Os etnógrafos rexistraron que,

9. Xesús Ferro Ruibal: *Refraneiro galego básico*, Galaxia (Biblioteca Básica), Vigo, 1987, p. 355.

10. Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey): *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, Ed. do Castro, (1ª ed. 1968), Sada (A Coruña), 1982, p. 173.

particularmente nos anos vinte, homes, mulleres e nenos vestían con arranxo ás modas interpretadas polos xastres e costureiras do país, “e así sae a cousa”¹⁰. Tratábase de imitar ás xentes da cidade, pero os traxes diferenciábanse no feitío, que era a súa caricatura¹¹. Entre as mulleres, era común falar do feito de facer a roupa nas casas, e tamén adoitaban quedar varias mulleres para fiar, coser, zurcir, bordar, calcetar, ou facer ganchillo (diciáse: “quedar para facer de man”). Tamén aproveitaban as forquitas do pelo para realizar, coa axuda dunha agulla de ganchillo, orlas, grecas e entremedios para sabas, manteis, etc.¹². Acostumaban falar tamén sobre se unha lle prestaba á outra a agulla para lle coller os puntos ás medias, de que se estaba a traballar o liño na casa dun calquera, ou de que habería un fiadeiro na noite vindeira, ou ben da mañá que se daban algunhas costureiras (podía, neste senso, facer unha veciña unha recomendación a outra), ou de cal era a xente da vila que estaba máis ó día á respecto da moda da capital, etc.

Poucas mulleres aldeáns mercaban a roupa confeccionada, non sendo algún pano ou prenda menor. As que podían permitirse o dispendio procuraban completar a serie de teas tecidas por elas, con outras que compraban. Elas mesmas confeccionaban a roupa, os manteis e as sabas, se cadra coa axuda esporádica dunha costureira da parroquia, que moi ben podería chamarse Rafaela, e que como máximo acudía unha vez por semana durante unha tempada. A modista, traballaba na súa casa, pero tamén nas casas das clientas ás que acudía levando a máquina de coser Singer na cabeza. Deixaba na súa casa a mesiña co pedal, e conseguía



El Traje gallego. Ed. F. Barrié de la Maza, 1985.


facer funcionar a máquina na casa da clienta accionando co man o manubrio da roda xiratoria disposto nun costado da máquina. Cobraba unha paga, xantaba con viño tinto e tiña dereito á merenda. Algunhas non ían soas senón acompañadas con algunha aprendiz para as axudar. As costureiras acollían aprendizas para ensinalas, pero a cambio de que traballaran para elas de balde e de que aínda lles pagaran por aprender o oficio (isto tamén pasaba con algúns carpinteiros bos)¹³. As costureiras tiñan sona de laretas e de ser un chisco lixeiras de cascós. Ben que procuraban aproveitarse diso os estudantes, nos bailes dominicais “de tranca”. Nos que, polo visto, se pasaba moi ben.

**Estaba moi
espallada a cultura
do remendo.
A roupa remenda
adoitaba cubrir
os corpos dos
labradores.
E con pezas de
reforzo, as veces,
nomeadamente nos
cóbados, cueiras,
xeonllos e nos
costados, para
evitar os inevitables
desgastes das
rozaduras.**

11. *Ibidem*.

12. Entrevista realizada por Xavier Castro a Fina Carrillo. Nada en Cangas. Realizada en Cangas, 2 de Abril del 2006.

13. Entrevista realizada por Xavier Castro á muller do carpinteiro José Gestido, nado en Bueu cara o ano 1940.



“Interior de un molino en Noya”. Pradilla. *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1881.

**Non queda máis
remedio que
recoñecer que a
xente non adoitaba
levar moi limpa a
roupa. Pero non era
só por descoido.
Lavar, representaba
un tempo para a
muller, que non
sempre tiña.**

As veces, as campesiñas dalgún aco-
modo, cando necesitaban dispoñer de
roupa ou traxes de domingo (porque
daquela, claramente, o domingo ves-
tíase bastante mellor que de ordina-
rio; era preceptivo), ou de certo ringo
rango para lucir se cadra nunha voda,
ían ás tendas da vila próxima, onde
encontraban certo surtido. Mercaban
teas de fábrica, que se consideraban
máis finas e elegantes que as que se
tecían nas casas, empregando a lá
das súas propias ovellas, ou o liño,
que tamén adoitaban cultivar e fiar.
E logo, dirixíanse a encargar roupa:
traxes e vestidos que confeccionaban
costureiras ou modistas un pouco
máis destras que as itinerantes -acaso
provistas dun diploma en *Corte y con-
fección*-, algunhas das cales, ademais

de coser elas no seu obradoiro (que
moitas veces era a sá de costura das
súas casas) dispuñan das xa mentadas
aprendizas dándolle sen parar a agu-
lla, que era o xeito de ensino en tales
academias¹⁴. A confección de tales
traxes esixía acudir varias veces ó
obradoiro da costureira (ou do xastre)
para tomar medidas primeiro, e pro-
bar despois un par de veces. Se non,
non quedaban ben. E aínda así... Estas
especialistas na costura non estaban
afeitas a medir co metro -que adoitaba
ter a forma dunha vara de madeira,
pois o sistema métrico decimal empre-
gábase aínda moi pouco nas primeiras
décadas dos século vinte. Facían o
patronaxe a ollo. E as prendas con
moitas sisas. O seu traballo medraba
sensiblemente nas vésperas do xoves

14. *Ibidem*.



Debuxo de Pellicer na Ilustración Gallega y Asturiana (1881).

do Corpus, xa que a tradición impuña que neste día “que reluce máis que el sol” (xunto co Xoves Santo e o día da Ascensión) había que lucir a plena luz as novas galas: cando menos unha prenda de estrea.

Segundo Clodio González Pérez¹⁵ e outros observadores, o traxe tradicional galego foise perdendo paseniramente entre a segunda metade do século XIX e a primeira do XX. En efecto, algo comezaron a cambiar as cousas nos anos vinte e trinta da pasada centuria, cando principiaron a esbozarse certos visos de modernización dos usos e prácticas de consumo. Ata este momento, no medio labrego, era moi pouca a roupa que se mercaba confeccionada. Daquela, principiaron

a cambiar as fibras, a feita da confección, a calidade, o tamén o tempo que duraba a roupa. O traxe tradicional empezou a devecer: o home foino abandonando antes; a muller, máis conservadora, o mantivo máis tempo. A era das costureiras comezaba a rematar.

A roupa da maioría dos paisanos estaba moi gastada, remendada, arrugada, impregnada de suor e moitas veces apincurada de manchas de lama, lixo e outras ofensas. A impresión que producía non era moi limpa e decorosa. Non había que facerlle: non había posibles para máis.

15. Clodio González Pérez: “A vida dos nosos pescadores en 1916”, *Galicia Hoxe*, 10-9-2005, p. 5.



VICENTE JAVIER FEIJOO ARES

Licenciado en Filoloxía Hispánica (subsección galego-portugués) pola Universidade de Santiago de Compostela. A súa tese doutoral versa sobre o Léxico e a toponimia dos concellos do sureste de Ourense e realizou a etapa de formación do doutorado no programa de *Lingüística* do Departamento de Lingua Española, cun traballo titulado “*A fala do Ríós. Contribución ó estudio da dialectoloxía galega*”. Actualmente traballa na Sociedade para o Desenvolvemento comar-

cal de Galicia, no “Proxecto Toponimia de Galicia”. Como redactor, ten colaborado nos seguintes traballos sobre toponimia: *A Toponimia en Galicia. Informe sobre o Nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia*, Xunta de Galicia, 2005; *Manual de metodoloxía dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia* (pendente de publicar este ano 2007); e *Estudo da microtoponimia nas Mariñas lucenses e Ortegal*. Edita: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 2007.